



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



DILIXENCIA DE CONSTANCIA

Esténdoa eu, José Ramón Pardo Cabarcos, subdirector xeral de Réxime Xurídico, para facer constar que a memoria que segue, que leva por título *Memoria Xustificativa do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cuntis*, é unha imaxe obtida mediante o escaneo íntegro da memoria orixinal, que foi asinada de forma manuscrita o 8 de setembro de 2017.

E para que produza efectos cara a súa inscrición no Rexistro de Convenios do Sector Autonómico de Galicia, asino electronicamente a presente dilixencia.





**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA E O
CONCELLO DE CUNTIS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CAMBIO DE CUBERTA DO EDIFICIO
ONDE SE UBICA O "FOGAR DO PENSIONISTA" DO CONCELLO DE CUNTIS**

1.- A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza é o órgano da Administración autonómica que en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica ten atribuídas a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local e as competencias en materia de asistencia á Administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

2.- **Antecedentes:** O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de administración local atribuíndolle, entre outras, as competencias en materia de asistencia á administración Local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais.

Pola súa banda, os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establecen que os municipios deberán prestar aos seus cidadáns os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

3.- **Finalidade:** Para os efectos sinalados, con data 8 de setembro de 2017, asinouse co Concello de Cuntis o instrumento convencional arriba referido con unha vixencia dende a data da súa sinatura ata o 31 de outubro de 2017.

4.- O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de cooperación entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Cuntis para a execución do proxecto denominado "cambio de cuberta do edificio fogar do pensionista", cun orzamento total de 40,183,80 euros segundo proxecto do mesmo título redactado polo arquitecto técnico Miguel Ángel Pérez Marquina, en abril de 2017 cuxo orzamento se xunta como anexo a este convenio e do cal forma parte.

5.- O instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte: O Concello de Cuntis expuxo a necesidade de acometer as obras de reparación da cuberta do inmovible con referencia catastral 5004008NH3250S0001BB, propiedade da Xunta de Galicia e cedido ao Concello de





Cuntis por medio de Orde da Consellería de Facenda de 12 de xullo de 2017 onde se sitúa o Fogar do Pensionista dese concello.

Esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de potenciación e apoio á prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados. A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz nas obras de reparación da cuberta do inmovible onde se sitúa o Fogar do Pensionista do Concello de Cuntis.

6.- A Vicepresidencia e Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza achega máxima de vinte mil catrocentos cincuenta e un euros con noventa e cinco céntimos (20.451,95 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.21.121A.760.0 (CP 2015 00088). Esta cantidade representa o 50,89 % do orzamento total do proxecto que constitúe o obxecto deste convenio.

No caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total do investimento.

7.- Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

É canto se especifica, en cumprimento do establecido na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, así como na *Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno*, no relativo á publicidade e rexistro dos convenios.

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2017

A secretaría xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja

